

artigo 14 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro.

1. O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que o día das eleccións non desfrute do seu descanso semanal terá dereito a un permiso retribuído de ata catro horas libres para exercer o seu dereito ao voto, sempre que a súa quenda de traballo, o día 1 de marzo de 2009, coincida, polo menos en catro horas, co tempo en que permanecerán abertas as mesas electorais. Cando o traballo se preste en xornada reducida, efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso.

2. O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que na data da votación non teña previsto estar na localidade onde lle corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poida exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporá, no seu horario laboral, de ata catro horas libres para que poida formular persoalmente a solicitude de certificación acreditativa da súa inscrición no censo, que se recolle no artigo 72 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, así como para a remisión do voto por correo.

Segundo.

1. O persoal nomeado presidente ou vogal de mesas electorais, e os que acrediten a súa condición de interventores, teñen dereito, durante o día da votación, a un permiso retribuído de xornada completa se non desfrutan en tal data de descanso semanal, e a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.

2. Os que acrediten a súa condición de apoderados teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non desfrutan nese día de descanso semanal.

Terceiro.

O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que se presente como candidato ás eleccións que terán lugar o vindeiro 1 de marzo poderá ser dispensado, logo de solicitude do interesado, da prestación do servizo nas súas respectivas unidades durante a campaña electoral, que terá lugar entre o 13 e o 27 de febreiro do ano en curso, ambos os dous incluídos. A competencia para a concesión do referido permiso corresponderalle ao secretario xeral de cada consellería.

Cuarto.

Os directores ou xefes de persoal das dependencias onde presta os seus servizos o persoal afectado por esta orde exixiranlle ao mencionado persoal os oportunos xustificantes expedidos polas mesas electorais de que foi exercido o seu dereito ao voto.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2009.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os gastos extraordinarios en que incorresen as entidades locais como consecuencia directa do temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

O día 23 de xaneiro comezou en Galicia un fenómeno meteorolóxico adverso coñecido como ciclo-xénese explosiva. Malia se teren activado todas as alertas e adoptado múltiples medidas de protección e autoprotección pertinentes, a virulencia extraordinaria do temporal, en particular pola forza do vento, que chegou a alcanzar refachos de case 200 quilómetros por hora nalgúns zonas, ten provocado danos persoais e elevados danos e perdas materiais.

Para facer fronte ás situacións de necesidade en que se puidesen atopar os colectivos afectados, e mesmo contribuír a rexenerar os valores naturais e a reactivar a economía das zonas afectadas, o Consello da Xunta de Galicia acordou na súa xuntanza do día 29 de xaneiro de 2009 a adopción dunha serie de medidas urxentes de axudas para paliar os danos causados.

En virtude do citado acordo publicouse no DOG do 30 de xaneiro (nº 21) o Decreto 13/2009, do 29 de decembro, polo que se establecen as citadas axudas, polo procedemento de concesión directa, e se marcan uns requisitos básicos para a súa concesión.

O artigo 10 do Decreto 13/2009 establece un réxime de axudas polos gastos extraordinarios en que incorresen as entidades locais como consecuencia directa do temporal. O artigo 12 establece que as citadas axudas se financiarán con cargo aos orzamentos das respectivas consellerías afectadas e a disposición derradeira primeira declara competentes os distintos titulares dos departamentos autonómicos para que, no ámbito das súas competencias, adopten as medidas necesarias para a aplicación do decreto, incluíndo a convocatoria e o outorgamento das axudas.

Xa que logo, de conformidade co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-*Ámbito de aplicación.*

As axudas establecidas nesta orde aplicaranse á reparación dos danos causados polo temporal acaecido nos días 23 e 24 de xaneiro de 2009, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-*Obxecto e natureza.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria dun procedemento de concesión directa das axudas establecidas polo Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, (DOG nº 21, do 30 de xaneiro), destinadas a sufragar os gastos extraordinarios en que incorresen as entidades locais derivados das actuacións inaprazables na situación de temporal, levados a cabo no mesmo momento de producirse este ou nos inmediatamente posteriores á finalización dos feitos causantes e para garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais e imprescindibles e a vida e a seguridade das persoas.

2. A natureza destas axudas terá carácter subsidiario e complementario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público e privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados e cando os citados sistemas non cubran a totalidade dos danos serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos e recursos, procedentes de sistemas públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ata o límite do dano producido.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán solicitar as devanditas axudas as entidades locais que acrediten a realización de gastos extraordinarios como consecuencia directa do temporal de acordo co procedemento regulado nesta orde.

Artigo 4º.-*Actuacións subvencionables.*

1. As actuacións subvencionables serán os gastos extraordinarios derivados de actuacións inaprazables na situación de emerxencia, levados a cabo no mesmo momento de se producir esta ou nos inmediatamente posteriores á finalización dos feitos causantes, sempre que o seu obxecto sexa o funcionamento dos servizos públicos esenciais e imprescindibles para garantir a vida e a seguridade das persoas, levadas a cabo con medios materiais propios ou

allos tales como vehículos, maquinaria ou ferramentas ata o importe do 100% do gasto.

2. Quedarán excluídas as infraestruturas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Artigo 5º.-*Solicitudes, prazos e documentación.*

1. As solicitudes, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde, poderán presentarse nas oficinas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza así como nos demais lugares e formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, que regula e determina as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regula a atención ao cidadán.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte á data de publicación desta orde.

3. Coa solicitude xuntarase a seguinte documentación.

-Memoria breve na cal se identifiquen os danos ocasionados en relación coas actuacións subvencionables mencionadas no artigo 4º.

-Certificado da entidade bancaria acreditativo de que a conta citada na solicitude corresponde ao solicitante.

-Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón na contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

-Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase a entidade solicitante na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que no prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu da súa petición, despois de ditada resolución para o efecto.

Artigo 6º.-*Tramitación e resolución.*

1. A competencia para a resolución dos procedementos de concesión correspóndelle ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondendo a tramitación e proposta deles á Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza. Contra a resolución que dite o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderá ser impugnada directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, conforme o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O órgano competente poderá ir resolvendo as solicitudes de axuda á medida que estas vaian sendo presentadas. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será o previsto no artigo 1.2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, os interesados que solicitasen as subvencións convocadas por esta orde poderán entender desestimada a súa solicitude para os efectos da interposición dos correspondentes recursos potestativo de reposición e contencioso-administrativo.

Artigo 7º.-*Pagamento.*

Ditada a resolución de concesión, tramitarase o correspondente expediente de pagamento e as axudas aos beneficiarios serán aboadas mediante transferencia bancaria. Para facilitar o dito pagamento, desde o punto de vista da xestión orzamentaria, poderán acumularse entre si a disposición do crédito, o recoñecemento da obriga e a proposta de pagamento.

Artigo 8º.-*Deber de colaboración. Reintegro das axudas.*

1. Os beneficiarios, ademais das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedan sometidos á obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das axudas.

2. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais,

poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, sen prexuízo do establecido no artigo 2.2º desta orde.

3. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da axuda levará consigo, ademais das sancións que puidesen corresponder, o reintegro da axuda percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu aboamento.

Artigo 9º.-*Rexistro de Axudas e Subvencións.*

As axudas que se outorguen integranse, na forma que se estableza regulamentariamente, no Rexistro de Axudas e Subvencións, que será de acceso público.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 10º.-*Crédito orzamentario e contía.*

Poderanse conceder axudas por un importe de 1.000.000 de € con cargo ao crédito que figure consignado para esta finalidade nas aplicacións 06.01.121A.761.0 (700.000,00 €) e 06 01 121A 460.0 (300.000,00 €) do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Serán obxecto de denegación as solicitudes presentadas que queden sen cobertura orzamentaria.

Se como consecuencia de incorporación ou xeración de crédito se incrementase o crédito inicialmente consignado nesta orde, será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* sen que supoña apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA SUFRAGAR OS GASTOS EXTRAORDINARIOS EN QUE INCORRESEN AS ENTIDADES LOCAIS COMO CONSECUENCIA DIRECTA DO TEMPORAL ACAECIDO EN GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR482C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF / NIF		
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		PARROQUIA		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	EXTENSIÓN
FAX	CORREO ELECTRÓNICO	NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR		

E na súa representación:

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL		CIF / NIF	
ENDEREZO		PARROQUIA	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO

EXPOÑO:

Que con data un temporal provocou a realización dos gastos extraordinarios que aquí se describen:

--

SOLICITO:

Que me sexa concedida a axuda e los beneficios previstos na Orde do _____ de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os gastos extraordinarios en que incorresen as entidades locais como consecuencia directa do temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

DECLARO:

Que todos os datos que figuran neste impreso son certos.

AUTORIZO:

1º De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para a tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2º A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.
Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de axudas destinadas a sufragar os gastos extraordinarios en que incorresen as entidades locais como consecuencia directa do temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSONA QUE O/A REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

____/____/____

DATA DE EFECTOS

____/____/____

DATA DE SAÍDA

____/____/____